

Acta da reunión ordinaria da Xunta de facultade de 3 de xullo de 2017

Asistentes:

Equipo decanal:

Jiménez Alemán, Ángel Aday
Montesinos Padilla, Carmen
Noriega Rodríguez, Lydia
Pazos Pérez, Alexandre

PDI A:

Aneiros Pereira, Jaime
Cal Bouzada, Isabel
Costas Comesaña Julio
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Acevedo, Rafel
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fernández Docampo, María Belén
Ferrero Martínez, María Dolores
Fuente Seca Degeneffe, Margarita
García Gestoso, M^a Noemi
García Mosquera, Marta
Grande Seara, Pablo
Loveira Pazó, Rosa María
Manzano González, Baltasar
Mariño de Andrés, Ángel M.
Martínez Hens, Helena
Martínez Táboas, M^a Teresa
Muleiro Parada, Luis Miguel
Orge Míguez, José Carlos
Pillado González, Esther
Pita Grandal, Ana María
Rodríguez Damián, Amparo
Ruiz Hidalgo, Carmen
Tato Plaza, Anxo
Trigo Gómez, Pilar
Valeije Álvarez, Inma

PDI B:

Barreiro Carril, M^a Cruz
Torres Pérez, Francisco José

Alumnos 1º, 2º e 3º ciclo:

Rivera González, Paula

Román Méndez, Sergio

Vázquez Fernández, Roberto

Escusan a súa ausencia:

Arias Martínez, M^a Antonia

Bravo Bosch, María José

Diéguez Rodríguez, José Miguel

Rodríguez Rodríguez, Emma

O 3 de xullo de 2017, no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, ás 11:17 horas, en segunda convocatoria, deu comezo a reunión da Xunta de Facultade, coa seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 15 de maio de 2017.
2. Informes da Sra. Decana.
3. Aprobación, se procede, das guías docentes do grao en Dereito e do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso académico 2017-2018.
4. Aprobación, se procede, das guías docentes do dobre grao ADE-DEREITO para o curso académico 2017-2018.
5. Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster en Avogacía (Pontevedra e Vigo), Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social e Máster en Xestión e Dirección Laboral.
6. Aprobación, se procede, dos horarios do Grao en Dereito e do Grao en Relación Laborais e Recursos Humanos para o curso académico 2017-2018.
7. Aprobación, se procede, do calendario de exames do Grao en Dereito e do Grao en Relación Laborais e Recursos Humanos para o curso académico 2017-2018.
8. Aprobación, se procede, dos horarios do dobre Grao ADE-DEREITO para o curso académico 2017-2018.
9. Aprobación, se procede, do calendario de exames do dobre Grao ADE-DEREITO para o curso académico 2017-2018.
10. Aprobación, se procede, da substitución de membro do Tribunal de probas de aptitude.
11. Aprobación, se procede, dos temarios das probas de aptitude.
12. Aprobación, se procede, do calendario das probas de aptitude.
13. Ratificación, se procede, das alegacións ao Informe provisional de acreditación do grao en Dereito remitido dende a ACSUG.
14. Aprobación, se procede, da delegación na Comisión Permanente da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da ratificación das alegacións ao informe de avaliación provisional de acreditación remitido dende a ACSUG do Máster en Dereito de Empresa.
15. Rolda aberta de intervencións.

Antes de comezar a sesión, a Decana accidental informa á xunta do motivo polo que asume a presidencia.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 15 de maio de 2017.

Apróbase por unanimidade.

2. Informes da Sra. Decana.

A Decana informa que os/as profesores/as María Antonia Arias Martínez, Emma Rodríguez Rodríguez e María José Bravo Bosch, xunto co representante de alumnado Miguel Diéguez escusaron a súa ausencia.

A Decana congratúlase en comunicar á xunta que A Universidade de Vigo está situada no 2º posto do ránking Universidade-Empresa da Fundación Everis en canto á adaptación á empresa dos nosos egresados dos graos, en ADE, Económicas e Dereito. Tamén traslada a noticia de sobre a aprobación definitiva dos plans de internacionalización. En canto ás actividades de promoción das titulacións da Facultade, o decanato, contratou anuncios na prensa local.

A Decana comunica que se recibiron os informes de calidade definitivos do grao en Dereito por parte da ACSUG, cuestión que será abordada no punto 13 da orde do día.

Lembra que o venres 30 de xuño terminou o prazo para recibir estudos e comentarios para a revista da facultade (para notas breves, que non requiren revisión está aberto ata o 31 de outubro). Comunica que se recibiron varias propostas de artigos sobre as que se iniciou o proceso de revisión externa por pares conforme ao procedemento de revisión establecido na normativa da Revista aprobada en Xunta de Facultade. Aínda así, ánimoase aínda a quen queira contribuír ou coñeza a quen queira contribuír a remitir artigos á mesma, canto antes, para non atrasar o procedemento de revisión e poder publicar o número en prazo. Tamén se anima a que sexan remitidos os mellores traballos de TFG.

Traslada que se espera que estea en activo a finais desta semana a nova *web* da facultade. Considera que é máis intuitiva e adaptada á nova imaxe corporativa da a universidade.

Sobre o regulamento traballos de fin de grao, e a pesar de que a modificación desta normativa de TFG foi aprobada pola Comisión de TFG, tras as incidencias xurdidas na última convocatoria e a preocupación trasladadas por parte do profesorado a este Decanato, a Decana expresa que se está revisando a normativa para obxectivar ao máximo posible o proceso de reclamación de cualificacións.

Finalmente comunica que o nos próximos días, o Decanato poñerá en contacto cos coordinadores das áreas para informar sobre a dispoñibilidade orzamentaria para a adquisición de bibliografía de investigación. Tamén, que tras reunirse co profesorado

afectado, establecéronse medidas para os exames para celebrar con posterioridade ao peche de actas.

3. Aprobación, se procede, das guías docentes do grao en Dereito e do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso académico 2017-2018.

A Decana cede a palabra á coordinadora do grao en Relacións laborais e recursos humanos, a profesora Belén Fernández, para que informe acerca dos aspectos máis relevantes con relación a este punto, agradecendo a colaboración de todo o profesorado.

A coordinadora comunica que rexistrou informe escrito. Aínda que non houbo maiores dificultades, o programa de tradución de docnet non funciona correctamente e roga que se insista na súa mellora. Tamén informa que houbo unha incidencia cunha materia porque non coincide na ficha. Tras comprobalo o erro está na ficha, dado que na memoria hai dúas materias con contidos idénticos, validáronse todas excepto esta. Tanto a área como o departamento manifestaron a súa boa vontade, e conclúe afirmando que é necesario modificar a memoria do título

A profesora da materia ratifica que os contidos que figuran a día de hoxe na memoria son coincidentes.

Roberto Vázquez, representante de alumnado, afirma que a delegación de alumnado quere modificar as guías das materias Dereito Penal I e II. A avaliación tipo test tal como está parécelle lesiva, propoñen a súa substitución por unha fórmula na que 3 preguntas incorrectas resten 1 acertada.

A profesora Marta García intervéñ por alusións. Considera fóra de lugar usar o termo lesivo, lembra que o tipo de test só é o 50% da avaliación. Ademais, é un criterio consensuado na área, moi reflexionado, que busca evitar respostas ao azar.

Paula Rivera, sobre as guías docentes de Relacións laborais, solicita explicacións sobre a obrigatoriedade do sometemento expreso á avaliación continua. A coordinadora do grao, Belén Fernández, explica os motivos.

Tras a intervencións do profesor Anxo Mariño e da profesora Belén Fernández, expónse a aprobación das guías docentes, comprometéndose o profesorado da materia X a que parte do contido reflectido na guía docente da materia non vai ser avaliado.

Apróbbase por unanimidade con delegación na comisión permanente da corrección da guía docente da materia X.

4. Aprobación, se procede, das guías docentes do dobre grao ADE-DEREITO para o curso académico 2017-2018.

A Decana lembra que como ben é sabido, as guías docentes do PCEO e do Grao en Dereito son idénticas, pero tamén é necesaria a súa aprobación. Tal e como o afirmou o

coordinador do dobre grao, unha vez apróbense por ambas as facultades, as guías docentes se replicarán en espazo *web* dedicado ás guías no dobre grao.

Apróbase por unanimidade.

5. Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster en Avogacía (Pontevedra e Vigo), Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social e Máster en Xestión e Dirección Laboral.

A Decana cede a palabra ao secretario do Master de Avogacía (Pontevedra e Vigo), o profesor Pablo Grande, quen sinala que non se produciu ningunha incidencia. Do mesmo xeito cede a palabra á directora do Master en Menores en situación de desprotección e conflito social, a profesora Teresa Estevez, e a profesora Emma Rodríguez, directora do Máster en Xestión e Dirección Laboral, quen tamén afirman que non se produciu ningunha incidencia de interese.

Apróbase por unanimidade.

6. Aprobación, se procede, dos horarios do Grao en Dereito e do Grao en Relación Laborais e Recursos Humanos para o curso académico 2017-2018.

A Decana informa que se enviaron, despois das dúas reunións mantidas por cada unha das titulacións, e sendo atendidas as solicitudes na medida dos posible.

Varios profesores advirten que as semanas de carga teórica intensiva supoñen problemas de compatibilidade con outros centros. A Decana comprométese á súa análise para futuras elaboracións de horarios.

Apróbanse por unanimidade.

7. Aprobación, se procede, do calendario de exames do Grao en Dereito e do Grao en Relación Laborais e Recursos Humanos para o curso académico 2017-2018.

A Decana lembra que se enviaron propostas tras ser acordadas co alumnado.

O profesor José Carlos Orge propón que os exames teñan lugar ás 9:00 e ás 12:00. Os representantes do alumnado alegan que poden ocasionar problemas co transporte.

Apróbase a proposta do Decanato cos seguintes cambios:

No plan novo do Grao en Relacións Laborais, aprobou por unanimidade cambiar as datas de exames entre as materias Seguridade social II e Dereito Financeiro e Tributario.

Dereito financeiro e tributario I, Grao en Dereito, 4 de outubro.

Dereito financeiro e tributario II, Grao en Dereito, 20 de xuño.

Apróbase a celebración conxunta dos exames das materias equivalentes dos plans

antigo e novo.

Aprobouse o cambio das datas dos exames de Historia do Dereito (proposto o do 31 de maio) e Fundamentos de Contabilidade por 8 votos a favor, 12 abstencións e 0 en contra.

8. Aprobación, se procede, dos horarios do dobre Grao ADE-DEREITO para o curso académico 2017-2018.

A Decana advirte que se trasladou aos membros desta xunta a proposta por parte do coordinador, quen a acorde cos respectivos profesores. Lembra que estes horarios han de aprobarse tamén pola xunta de facultade de económicas. Afirma o compromiso de vixiar que non se produza, e no caso de que se se fixese, trasladaríanse ben a esta xunta, ou unha comisión permanente.

Apróbanse por unanimidade.

9. Aprobación, se procede, do calendario de exames do dobre Grao ADE-DEREITO para o curso académico 2017-2018.

Do mesmo xeito que no punto anterior, A Decana advirte que se trasladou aos membros desta xunta a proposta por parte do coordinador, quen a acorde cos respectivos profesores. Lembra que estes horarios han de aprobarse tamén pola xunta de facultade de económicas. Afirma o compromiso de vixiar que non se produza, e no caso de que se se fixese, trasladaríanse ben a esta xunta, ou unha comisión permanente.

O profesor Luís Muleiro propón a modificación da data establecida para a materia Dereito financeiro e tributario I, ao 21 de xuño. Os profesores da área de Dereito mercantil solicitan o cambio do exame da materia Dereito mercantil I ao 18 de xuño.

Apróbanse por unanimidade.

10. Aprobación, se procede, da substitución de membro do Tribunal de probas de aptitude.

Durante a baixa da profesora Almudena Bergareche, a profesora Noemi García a substituirá nese tribunal.

Apróbanse por unanimidade.

11. Aprobación, se procede, dos temarios das probas de aptitude.

Tras a presentación da Decana, a profesora Ana Pita solicitada aclaracións sobre a convocatoria de probas de aptitude. Intervín para trasladar a información facilitada polo negociado de alumnado da Facultade.

Apróbanse por unanimidade.

12. Aprobación, se procede, do calendario das probas de aptitude.

A Decana lembra que se enviou unha proposta desde o equipo decanal. A profesora Ana Pita expón a conveniencia de celebrar dous exames por día.

Apróbase por unanimidade o calendario con dous exames por día.

13. Ratificación, se procede, das alegacións ao Informe provisional de acreditación do grao en Dereito remitido dende a ACSUG.

A Decana cede a palabra ao profesor Alexandre Pazos, vicedecano, para que sobre este punto. A profesora Carmen Ruiz pon de manifesto que considera que por parte da comisións da Facultade de Vigo non se fixo ningunha achega, reflectindo as alegacións só argumentos da Facultade de Ourense. O profesor Alexandre Pazos insiste nas contribucións realizadas, e a súa caracter consensuado.

A profesora Ana Pita nega que se acordaron as alegacións, entre outras afirmacións. Engade que era preceptivo aprobar un plan de melloras.

O profesor Luis Muleiro intervén lembrando que non se enviou o informe definitivo.

A Decana retira o punto.

14. Aprobación, se procede, da delegación na Comisión Permanente da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da ratificación das alegacións ao informe de avaliación provisional de acreditación remitido dende a ACSUG do Máster en Dereito de Empresa.

A Decana cede a palabra aos profesores Luís Muleiro e Carmen Ruiz, como coordinador e directora accidental do master, por se desexan realizar algunha aclaración. Ambos consideran que non é necesario realizar ningún comentario.

Apróbase por unanimidade.

15. Rolda aberta de intervencións.

A profesora Noemi García manifesta que durante o desenvolvemento dun exame unha alumna tivo un problema de saúde. Solicita que se facilite a formación de todo o persoal da facultade en primeiros auxilios. A Decana manifesta que se toma nota da suxestión e tratarase de atender.

O profesor Angel Mariño intervén solicitando que se publicite a prohibición de gravar nas aulas sen autorización. A Decana toma nota da solicitude.

Finaliza a sesión, sendo as 12:39, do que como secretario dou fe.

O secretario

Ángel Aday Jiménez Alemán